

Xuv26_ Curso de Lingua de Signos Española A1.1 (30 horas presenciais)

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. INFORMACIÓN XERAL

O curso de “*Lingua de signos española A1.1*” terá unha duración de 30 horas.

Datas formación: 17, 24 e 26 de marzo; 7, 9, 14, 16, 21, 23 e 28 de abril (martes e xoves)

Horario: 16.30 a 19.30

Lugar: Aula Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

Número máximo prazas: 20 - Número mínimo prazas: 8

2. DESTINATARIOS/AS

Persoas de 16 a 35 anos (ambos inclusive), interesadas en acadar coñecemento sobre a lingua de signos española.

Darase preferencia aos mozos e mozas de entre 16 e 35 anos (ambos inclusive) que estean empadroados no Concello de Rianxo.

3. PREZO DE MATRÍCULA

Os prezos de inscrición aprobaranse na Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo.

Prezo: 50 euros

Prezo reducido: 35 euros (persoas en situación de desemprego, estudantes, membros de familias numerosas, persoas con discapacidade e persoas vítimas de violencia de xénero).

Para aplicarse esta redución deberán xustificar debidamente a súa condición.

4. INSCRICIÓN

As solicitudes deberán presentarse do martes 03 ao martes 10 de marzo (ambos incluídos) no rexistro do Concello de Rianxo, presentando a ficha de inscrición e a documentación xustificativa do prezo reducido, de ser o caso.

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

5. SELECCIÓN

1. Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo e teñan entre 16 e 35 anos, ambos inclusive.

2. Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo.

3. Por orde de inscrición.

6. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

O listado definitivo de admitidos/as publicárase o día 11 de marzo na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.gal e serán avisados mediante chamada telefónica ou correo electrónico. Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización para a publicación do nome e apelidos do solicitante.

Os admitidos/as terán que solicitar o recibo de pagamento ao Servizo de Xuventude, e facer o abono ata o día 16 de marzo.

De non facerse o aboamento, chamarase ao seguinte do listado.

Tanto no caso de non comezar o curso, como de sobrevivir na súa participación non se devolverá a cota de inscrición.

7. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supéditase á acreditación dunha presenza mínima do 90% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregáranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro electrónico propiedade do Concello de Rianxo coa única finalidade de proceder á inscrición na actividade para a que se proporcionan os datos.

Serán unicamente cedidos á empresa adxudicataria os datos identificativos e de contacto dos participantes.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Rianxo, Praza Castelao, 1, 15920 Rianxo, correo electrónico dpd@concelloderianxo.gal, ou mediante o procedemento habilitado para o efecto da Sede Electrónica: sede.concelloderianxo.gal. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación perante a autoridade de control en www.aepd.es. Datos de contacto do delegado de protección de datos: Ramón Santos Pérez, dpd@concelloderianxo.gal